

# Bloque

## A Estrada

Número 19. Epoca 1ª / Outubro 2008

“Puxemos os alicerces para facer unha verdadeira transformación na Estrada”

Envío Postal sen enderezo

## Un ano transformando A Estrada

O 8 de outubro de 2007 o BNG entrou a formar parte do goberno municipal responsabilizándose das áreas de Medio Rural, Facenda, Deporte, Turismo e Participación Cidadá. En 12 meses o BNG no goberno municipal, a través da Primeira Tenente de Alcalde, Raquel López Doce, e dos Concelleiros, Maribel Ruíz Ferro e Xan Carlos Castro Blanco, foi quen de marcar un antes e un despois na xestión nas áreas citadas anteriormente.

Ao mes de formar parte do goberno municipal, aprobamos o Regulamento de Participación Cidadá. En só un ano a Concellería de Medio Rural foi quen de xestionar investimentos por 5 millóns de euros, e de mudar a política de deporte para uns poucos, polo deporte para todos e todas. En Turismo, puxemos en marcha unha política coherente e de posta en valor dun Concello con enormes potencialidades. E en Facenda presentamos uns investimentos que responden ás demanda veciñais,



Rehabilitación da ponte de Sardán en Guimarei



www.bng-galiza.org  
Edita: BNG A Estrada

reestruramos a oficina de recadación, que pasa a ser de xestión municipal, e conxelamos a subida de taxas municipais para o vindeiro ano 2009.

Somos conscientes que nun só ano, é imposible, poñer A Estrada no lugar que se merece, e recuperarmos a autoestima perdida nos

últimos anos, pero en calquera das nosas áreas de responsabilidade puxemos os alicerces para facer unha verdadeira transformación na Estrada, e contamos cos veciños e veciñas da Estrada par levala adiante até 2011 e máis alá se estes o estiman oportuno.

# Entrevista a Raquel López Doce, Primeira Tenente de Alcalde da Estrada

**Hai un ano asumiches a Primeira Tenencia de Alcaldía, a parte das delegacións de Medio Rural e Turismo. En liñas xerais, cal é a túa valoración sobre estes 12 meses de goberno municipal?**

A valoración é positiva, sen dúbidas. As carencias e necesidades coas que nos atopamos foron moitas, o desleixo dos últimos anos dos gobernos do PP deixou ao rural nunha situación de abandono xeneralizado; isto obrigounos a esforzarnos máis e buscar solucións e recursos para, cando menos, ir resolvendo as situacións máis urxentes.



Unha das pistas da concentración parcelaria de Cedesda

**Foron moitos os veciños e veciñas que pasaron polas dependencias municipais solicitando melloras para a súa parroquia, nas áreas da túa competencia, ou para atender outras que non o eran directamente. Cal é a túa valoración sobre esta cuestión?**

Positiva tamén, para min escoitar de primeira man as demandas e os problemas que teñen os veciños e veciñas é unha obriga que cumpro con moito gusto. A partires da entrada en vigor do Regulamento de Participación Cidadá os veciños e veciñas elixirán democraticamente os seus representantes veciñais; malia todo, os políticos debemos escoitar as demandas da cidadanía,

veñan de onde veñan, porque teñen dereito a expor de primeira man as cuestións que precisan dunha actuación ou resposta por parte do Concello.

**O Regulamento de Participación Cidadá foi unha promesa electoral do BNG que se cumpriu ao mes de formar parte do Goberno Municipal. En que medida pensas que este regulamento servirá para democratizar o Concello?**

O Regulamento é un instrumento, imprescindible para promover a participación, pero non suficiente por si mesmo; a participación dos veciños e veciñas é hoxe unha realidade posíbel grazas a súa aprobación, as convocatorias e actas da Xunta de Goberno e do Pleno teñen que estar expostas na páxina web, o Consello Económico e Social xa está funcionando e os Consellos Parroquiais en proceso de constitución, creo que demos grandes pasos neste ano para sentar as bases e promover a Participación Cidadá e a democratización da vida municipal.



Obras de rehabilitación da ruta dos muíños no entorno do Campo do Medio de Sabucedo

**En que estado se atopaba o noso Medio Rural até que o BNG se fixo responsable desta área?**

Como che dicía a situación na que se atopaba case a totalidade do rural do noso Concello era de abandono,



Gonzalo Constenla e Raquel López nunha reunión cos veciños de Santo André de Veá

en todas as parroquias os veciños maniféstanme o mesmo: “nos últimos anos aquí non se fixo nada”; e é certo á vista das necesidades que temos que afrontar.

**Que medidas e que investimentos hai previstos no rural para este ano 2008?**

As liñas de actuación son varias, ademais do Plan Provincial de Cooperación cun orzamento de 201.500€ con actuacións en Santeles, A Somoza, Cereixo, Moreira e Santa Mariña de Barcala, temos o PEIM 2008 da Consellería de Medio Rural con actuacións en Couso, Toedo, Oca e Guimarei por

“O investimento é histórico, xa que en conxunto supera os 6 millóns de euros”



un importe de 183.500€, e os proxectos de actuacións urxentes financiados pola Consellería de Medio Rural con actuacións en Tabeirós,



Baloira, Toedo, Santo André de Veá, Arnois, Orazo, Lamas, San Tomé de Ancorados e Santa Mariña de Barcala, cun investimento de preto de 600.000€. Ademais de todas estas actuacións que comezarán nestes próximos meses temos actuacións que xa están feitas como o proxecto de Berres co acondicionamento dunha pista e o asfaltado doutra, a reparación dos pozos da Cardavella en Guimarei e de Vilar en Ribela, o formigonado de pistas en Requián e Aguións, o acondicionamento en Eirexe (Frades), o novo pozo de auga en Sabucedo, e a reparación das pontes de Sandán en Xerliz (Guimarei) e Ponte Nova de Birbigueira en Rubín. A Consellería de Medio Rural está a executar as redes de camiños das concentracións parcelarias de Codeseda e Monte Val de Veá II e vai comezar a de Arca, está tamén en execución a traída de auga de Couso e en elaboración os levantamentos topográficos

**Arranxo do pozo da Cardavella en Guimarei**



cos como paso previo as parcelarias de Souto e do monte en Santeles, Barbude e Paradela, e xa está finalizada a 2ª fase da presa de Xerliz. Creo que o investimento é histórico, xa que en conxunto supera os 6 millóns de euros.

**Até a chegada do BNG, a política turística deste Concello era practicamente inexistente, que fixo o BNG neste eido?**

Tes razón, o punto de partida é case de cero, algo incríbel co potencial que a este nivel ten o noso Concello. Ao non existir como área non tiña nin orzamento nin persoal e temos que ir pouco a pouco. Temos unha das cinco festas de Galiza coa Declaración de Festa de Interese



**Arranxo vias en Frades**

Turístico Internacional (A Rapa das Bestas), incrementamos a implicación do Concello duplicando o apoio económico e creamos o Concurso Internacional de Fotografía en colaboración coa Dirección Xeral de Turismo que se fallará en novembro. Elaboramos tres proxectos que están presentados para obter financiamento e poder desenvolverlos: un que pretende articular o noso patrimonio material e inmaterial e crear paquetes turísticos para todo o ano e os correspondentes materiais pro-

moacionais; outro que ten por obxecto a creación de catro novos roteiros e un terceiro destinado á recuperación e posta en valor dun elemento do patrimonio rural como son os conxuntos de fonte e lavadoiro, así como a actuación sobre as fontes de augas mineromedicinais existentes no noso territorio.

**Arranxo pista en Berres**



Tamén lle demos estabilidade ao funcionamento á Oficina de Información Turística, que desprazamos até a Feira do Móbel de Galiza na edición deste ano; tamén estivemos presentes na edición de Turisport en Silleda.

Para rematar, e como dixen antes, A Estrada ten enormes potencialidades, moitas delas agochadas fisicamente polo desleixo de gobernos anteriores. Neste sentido gustaríame salientar unha actuación que está a levar adiante a Consellaría de Innovación e Industria en Sabucedo para recuperar unha serie de muíños, un aserradoiro de auga, así como o seu contorno na parroquia de Sabucedo, unha actuación que, pola súa beleza, non pasa desapercibida para os veciños e veciñas, nin pasará para os visitantes que pasen por alí.

**Rehabilitación da ponte de Birbigueira en Rubín**



# A Contracapa

Unha das pistas da concentración parcelaria do Monte do Val de Veá II



**Algunha das medidas levadas a cabo polo BNG en Deportes tiveron certa contestación, certa resistencia. Por favor, indícanos que política levou a cabo o BNG e o porqué de tanta resistencia?**

A resistencia á que te refires foi moi limitada, localizada nun único club, pero tivo moito eco nos medios de comunicación, o resto do deporte local amosounos o seu apoio. Os cambios non foron desde logo tan radicais, simplemente se promoveu o uso das instalacións e equipamentos deportivos, que son de todos os estradenses, e nas subvencións introducíronse tres novos criterios ademais dos existentes: categorías de base, porcentaxe de xogadores locais e uso de instalacións propias ou municipais. A diferenza de etapas anteriores as bases aplicáronse e o proceso foi totalmente transparente.



**Facenda é a parte máis importante dun Concello, pero até a chegada do BNG, só era importante unha vez ao ano. Co BNG isto parece que cambiou e no último déronse a coñecer varias medidas impulsadas por esta concellaría, cales son e cal é a folia de ruta desta Delegación?**

A primeira actuación en Facenda foi facer unha análise da situación económica do Concello e establecer as pautas da política económica dos próximos anos de xeito que se obtivese o financiamento necesario para executar o PXOM e se incrementasen os investimentos, especialmente no Rural con máis do 60% da

poboación e do 95% do territorio. Un obxectivo da área de Facenda é incrementar os ingresos sen incrementar a presión fiscal sobre os cidadáns, isto é, a través da mellora da xestión. Proba disto son por un

**“Para min escoitar de primeira man as demandas e os problemas que teñen os veciños e veciñas é unha obriga que cumpro con moito gusto”**

lado os pasos que estamos a dar para contar cun servizo municipal de Recadación, resolvendo a situación a nivel legal e mellorando a xestión, e por outro a contención na suba de Taxas que este ano se situou nun 2%, menos da metade do que subirían se se mantivese a política que practicou o PP.

Os cambios percibiránse nesta área no Orzamento do ano 2009, no que xa estamos a traballar.



**Raquel López Doce, 1ª Tenente de Alcalde e Concelleira de Medio Rural e Turismo**

## Como contactar co BNG da Estrada:

Rúa Xusto Martínez, 12-1º C  
36680 A Estrada  
Tlf/Fax: 986590002  
Correo: [estrada@bng-galiza.org](mailto:estrada@bng-galiza.org)  
Web: <http://www.benega.info/aestrada>

